



A Coruña, 30 de xuño de 2015

A Xunta da Facultade de Socioloxía da Universidade da Coruña, en sesión extraordinaria do 17 de xuño de 2015, e tras coñecer que existe a intención de levar a cabo unha fusión das Facultades de Socioloxía e Ciencias da Comunicación,

ACORDA:

1. Manifestar o seu desacordo coa devandita fusión, por non contar coas motivacións que o xustificuen.
2. No caso de que ese proceso continúe, a Xunta da Facultade de Socioloxía solicita información sobre o impacto que a dita fusión poida ter, tanto en termos económicos (canto se aforrará) como en relación co persoal da Facultade, tanto o PDI como o PAS (garantindo que non se produza unha diminución de persoal).
3. Ademais, en caso de se formar unha comisión para elaborar o Plan Director de fusións, a Xunta da Facultade de Socioloxía solicita que, de haber unha persoa no Consello de Goberno que pertenza a algunha das facultades implicadas, que a dita persoa forme parte da comisión.
4. De haber fusións, que se informe sobre as implicacións para o PAS, que a elección de quen haberá de ser o futuro secretario do novo decanato se faga cos criterios establecidos a tal efecto para a elección do posto polas normas da UDC para o PAS; e que non se debería reducir o número de PAS senón deixar á persoa que non ocupe o posto de secretario de decano como persoal de apoio no decanato ou ben como PAS da UXAI do Centro.

  
Facultade de Socioloxía  
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Ass.: Celia Muñoz Goy

Secretaria da Facultade de Socioloxía

SR. SECRETARIO XERAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA



A Coruña, 8 de xullo de 2015

A Xunta de Centro da Facultade de Fisioterapia na súa reunión do día 8 de xullo de 2015, acordou por unanimidade:

- Propor que a comisión que abordará o estudo para unha posible reestructuración na Universidade, esté composta por representantes dos diferentes sectores e particularmente polos decanos das facultades e directores de escola e representantes dos departamentos.
- Que no devandito estudo, se aborde unha análise da estrutura do orzamento da Universidade orientado a unha posible modificación orzamentaria nas diferentes partidas de gasto que permitan axustar o balance final do exercicio económico sin menoscabar a estabilidade funcional.

Ramón Fernández Cervantes  
Decano



A Comisión Permanente da Facultade de Ciencias da Saúde do 8 de Xullo de 2015, acordou por unanimidade apoiar a presenza do Decano da FCS na Comisión mixta delegada do Consello de Goberno encargada do estudo e elaboración dunha proposta de Plan Director de Racionalización de Centros e Departamentos.

A Coruña, 8 de Xullo de 2015

Profesor Casto Rivadulla Fernández

**Prof  
Casto  
Rivadulla**

Firmado digitalmente por  
Prof Casto Rivadulla  
Nombre de reconocimiento  
(DN): cn=Prof Casto  
Rivadulla, o=Fac de Ciencias  
da Saude, ou=52451861Q,  
email=casto@udc.es, c=<n  
Fecha: 2015.07.08 10:54:53  
+02'00'

Secretario da Facultade de Ciencias da Saúde



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

- 8 JUL. 2015

**SAÍDA**  
2015 202 85

**PROPUESTA COMISIÓN MIXTA PARA LA ELABORACIÓN DEL PLAN DIRECTOR DE RACIONALIZACIÓN DE CENTROS Y DEPARTAMENTOS (PDRCD).**

En la certeza de que una comisión de un tamaño operativo debe asumir la elaboración de un PDRCD, me permito enviarle una propuesta sobre su composición y funcionamiento. Considero que todos los órganos de dirección y gestión deben estar representados para garantizar que las decisiones tomadas sean beneficiosas para la comunidad universitaria en general y para los centros y departamentos en particular.

**1. COMPOSICIÓN DE LA COMISIÓN MIXTA**

**Vicerreitores**

Vicerrect@r de Profesorado y Organización Docente

Vicerrect@r de Planificación Económica e Infraestructuras

**Profesores representantes de Areas:**

*Ciencias de la Salud*

*Humanidades*

*Ingenierías Técnicas*

*Ingeniería y Arquitectura*

*Ciencias Sociales*

*Xurídico Social*

*Ciencias de la Educación*

**Xerente**

**Profesores de la Comisión de Asuntos Económicos:**

Abalde Alonso, Julio Ernesto

Colominas Ezponda, Ignacio

Calvo Silvosa, Anxo Ramón

Miguélez Pose, Fernanda

Castedo Ribas, Luis

Dopico Calvo, Xurxo

**Tres representantes del alumnado**

**Dos representantes del personal de administración y servicios**



## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Definición de objetivos a corto y largo plazo: Económicos, optimización de espacios de docencia, gestión de recursos de investigación, ...

Definición de "existencias": Inventario de existencias de la UDC. (Centros, Departamentos, Institutos).

Posibilidad de agrupación de dichas "existencias" en función de los objetivos planteados. Potenciar grupos de investigación. Captación de recursos externos permitiendo participar a empresas, ....

A partir de las propuestas iniciales, planificar reuniones con representantes de los distintos sectores implicados (centros y departamentos a reestructurar) para debatir la oportunidad o pertinencia de las acciones a seguir.

Con las aportaciones de estas reuniones, la comisión podría elaborar un PDRCD que se presentaría de nuevo a los representantes de los sectores y una vez ajustado presentarlo al Claustro Universitario.

A Coruña a 8 de Julio de 2015

**NOMBRE PERNAS ALONSO MARÍA INÉS - NIF 32435774R**  
Firmado digitalmente por NOMBRE PERNAS ALONSO MARÍA INÉS - NIF 32435774R  
Nombre de reconocimiento (DN):  
c=ES, o=FNMT, ou=FNMT Clase 2 CA, ou=695860015, cn=NOMBRE PERNAS ALONSO MARÍA INÉS - NIF 32435774R  
Fecha: 2015.07.08 13:56:32 +02'00'

M<sup>a</sup> Inés Pernas Alonso

Directora del Departamento de Representación y Teoría Arquitectónicas

A Coruña, 6 de xullo de 2015

Prezado señor Reitor,

Á vista de que o Consello de Goberno de 30 de xuño de 2015 acordou por unanimidade a necesidade dun Plano de Reestruturación de centros e departamentos da UDC, que analizará a situación partindo de cero e desde unha perspectiva xeral, así como a apertura dun prazo para que as/os membros do Consello de Goberno fagan suxestións para completar a composición da Comisión que tratará o tema, todas as centrais sindicais con representación nos órganos de PDI desta institución, consideramos que é importante manifestar o seguinte:

1. Que é de supor que as fusións anunciadas de centros e departamentos da Universidade han ter consecuencias sobre o PDI, tanto no que respecta ás súas condicións laborais, como tamén en relación ao mantemento do cadro de persoal.
2. Que as centrais sindicais somos axentes imprescindíbeis para a negociación das condicións laborais do PDI e que, por tanto, non debemos ficar á marxe do debate sobre as consecuencias que, para o traballo diario do PDI, tería esa fusión de centros e departamentos.

En consecuencia, solicitamos da equipa reitoral que se inclúa a representación sindical nesa Comisión encargada da elaboración e debate do Plano de Reestruturación de Centros e Departamentos.

Asdo: Alfonso Castro Martínez e Andrés Marcos García  
*Presidentes do Comité Laboral e da Xunta de Pesoal Docente e Investigador da Universidade da Coruña*

**SR. D. XOSÉ LUIS ARMESTO BARBEITO, REITOR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

-

## **PROPOSTA DOS REPRESENTANTES DE ESTUDANTES NO CONSELLO DE GOBERNO PARA GARANTIR A SÚA REPRESENTATIVIDADE NA COMISIÓN MIXTA ENCARGADA DA ELABORACIÓN DO PLAN DIRECTOR DE RACIONALIZACIÓN DE CENTROS E DEPARTAMENTOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

Segundo o acordado na sesión ordinaria do Consello de Goberno de 30 de xuño de 2015, os membros deste órgano poderán enviar propostas á equipa reitoral para a constitución da Comisión Mixta que se encargará de levar a cabo una proposta de Plan Director de Racionalización de Centros e Departamentos da UDC, a fin de seren avaliadas pola equipa reitoral e debatidas na seguinte sesión do Consello de Goberno de 22 de xullo de 2015.

En base ao anterior, os representantes de estudantes no Consello de Goberno queremos facer una proposta de representatividade do noso colectivo nesta Comisión Mixta, a fin de garantir una participación nas mesmas condicións e proporcións que no Consello de Goberno.

Por isto, propoñemos que o número de estudantes na Comisión Mixta sexa o MAIOR dos dous seguintes:

- O 14.3% do total de membros da comisión, redondeado por exceso, o que supón a mesma representatividade de estudantes que no Consello de Goberno (8/56).
- 4 estudantes, contía que consideramos como mínima representatividade nesta Comisión Mixta.

Ademais, solicitamos a posibilidade de suplencia, de xeito que no caso de que algún dos representantes de estudantes elixidos para a Comisión Mixta non puidese asistir, outro estudante membro do Consello de Goberno puidese ir no seu lugar. Debido a carga de traballo a realizar por esta Comisión e para garantir a participación real do estudantado, facendo posible a compatibilidade cos estudos que estamos a realizar, cremos que esta posibilidade é fundamental.

En A Coruña, a 17 de xullo de 2015.

OS/AS REPRESENTANTES DE ESTUDANTES NO CONSELLO DE GOBERNO